

MEMORIA 2022




aspaber
ASOCIACIÓN

ASOCIACIÓN DE PAIS DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE BERGANTIÑOS
www.aspaber.com · www.facebook.com/asociacionaspaber

ÍNDICE

VISIÓN XERAL

Descrición da organización.....	1
Ámbito de actuación.....	1
Historia da Asociación.....	1
Órganos de goberno e funcionamento.....	2
Misión, Visión e Valores da Entidade.....	3
Organigrama da Entidade.....	3
Dimensión da Entidade.....	4
Recursos Humanos.....	5
Calidade e transparencia.....	6
Formamos parte de.....	6
Participación en redes asociativas.....	6
Convenio con entidades.....	6

CENTROS

Centro Ocupacional.....	7-8
Centro de Día.....	9-10
Centro Residencia.....	11
Centro Especial de Emprego.....	12-13
CentroEducativo.....	14-15
Formación Dual.....	16-17

SERVIZOS

A. psicolóxica e A. psiquiátrica.....	18-19
---------------------------------------	-------

Traballo Social.....	20
Logopedia.....	21
Fisioterapia.....	22
Servicios Complementarios	23
Club de Ocio “ManuelPoseVeiga”, Festividades.....	24

MELLORAS NAS INSTALACIÓN

Melloras nas instalación.....	25
-------------------------------	----

ACCIÓNES FORMATIVAS

Formación do persoal.....	26-27
Formación de usuarios.....	27

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Presencia na prensa.....	28
Páxina Web e redes sociais.....	28-29

ACTIVIDADES RESEÑADAS 2022

Visitas.....	30-31
Relacións externas.....	32
Novidades.....	33-34
Doazóns.....	34
Proxecto Europeo ACADAS.....	36-37
Visitas á comunidade.....	37-40

VISION XERAL

A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Bergantiños, **ASPABER**, é unha Asociación de pais e familiares de persoas con discapacidade intelectual que **nace no ano 1976**.

É unha asociación aberta e plural, en contínuo proceso de adaptación ante a realidade e as necesidades das persoas con discapacidade intelectual.

ÁMBITO DE ACTUACION

O ámbito de actuación da Asociación **ASPABER** é **provincial, abarcando 14 Concellos** da provincia de A Coruña: A Coruña, Laracha, Arteixo, Cabana, Carballo, Cerceda, Coristanco, Laxe, Malpica, Ponteceso, Santa Comba, Tordoia, Val do Dubra e Zas.

REPASO A HISTORIA DA ENTIDADE...

PERÍODO	FEITOS
1976	A Asociación ASPABER constitúese no ano 1976 sen fins de lucro como resposta a un grupo de pais que observan un futuro incerto sen centros nin servizos para atender aos seus fillos e fillas. Inicia os seus primeiros pasos nun local cedido polo Concello de Carballo nas instalacións do colexio hoxe chamado Fogar.
1983	No ano 1983 iníciase a construcción dun Centro Ocupacional estreando as instalacións no ano 1986 cun total de 30 usuarios.
1994	A Asociación conta cun total de 60 usuarios e xorde unha nova existencia, as persoas que residen lonxe do Centro, para iso constrúese unha miniresidencia que se poñerá en marcha no ano 1997 con 16 usuarios
1999	Amplíanse as instalacións destinadas a talleres de carpintería e manipulados
2000	Crease o Centro Especial de Emprego ASPABER S.L
2004	O C.E.E preséntase o concurso de Limpeza Viaria do Concello de Carballo onde consegue a concesión por un período de dez anos.
2012	Concesión de limpeza viaria do Concello de Malpica
2013	Concesión do Punto Limpo e Limpeza Viaria do Concello de A Laracha
2013	Concesión limpeza de colexios de Carballo (Bergantiños, Fogar, Nétoma -Razo), unitarias e CRA
2015	Concesión limpeza colexio San Luis Romero
2016	O C.E.E xestionará un novo depósito de residuos vinculado ao punto limpo de A Laracha . O C.E.E ASPABER S.L asinou por catro anos a adxudicación do servizo dos Edificios Administrativos e de Formación e Oficinas do Concello de Carballo . O C.E.E ASPABER S.L firmou o novo contrato de limpeza viaria e servizos anexos do Concello de Carballo.
2017	Creación do Centro Educativo ASPABER
2018	Creación dunha segunda aula de Educación
2019	Inicio Formación FP DUAL
2020	Pandemia COVID
2021	Inicio da obra financiada polo GALP para a creación dunha obra medioambiental
2022	Finalización da obra de ampliación de Administración e aulas de formación. Creación dun parque bio-saúdable



ORGANOS DE GOBERNO E FUNCIONAMENTO

XUNTA DIRECTIVA:


É o órgano encargado da xestión e representación da Asociación en toda a súa amplitude e reúnese varias veces ó ano.

ASAMBLEA DE SOCIOS:

E o órgano supremo de goberno e decisión da Asociación.

Reúnese, polo menos unha vez ó ano e onde se tratan os asuntos de maior relevancia e importancia: aprobación das contas anuais, da memoria de xestión, do presuposto para o seguinte ano, etc...

MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA:



D. **Francisco Costa Varela** ocupa o cargo de presidente honorífico.

XERENTE E DIRECTORA:

É a persoa encargada de dirixir e coordinar os diferentes Centros e Servizos e de executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva.

Este cargo ostentao Dona. **Dolores Fernández García**



350
socios



MISION

Contribuir a que as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, dispoñan dos apoios necesarios para poder desenvolver o seu proxecto de vida e lograr a súa inclusión como cidadáns.


VISION

No ano 2022 ASPABER seguirá a ser unha entidade aberta que promove o cumprimento dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual de Bergantiños e seguirá a ser un referente galego na inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual. Contará con novas infraestructuras que permitirán responder ás demandas dos tempos e prestará novos servizos axustados ás necesidades dos usuarios

VALORES

- Capacidade de superación
- Apoio á persoa con discapacidade
- Traballo en equipo
- Inconformismo
- Dinamismo

ORGANIGRAMA DA ENTIDADE



DIMENSION DA ENTIDADE

CENTRO OCUPACIONAL

- Plazas Autorizadas:100
- Plazas contratadas Administración:85
- Plazas ocupadas:73
- Plazas Libres:12
- Plazas Privadas:15
- Plazas Privadas ocupadas:1

CENTRO DE DIA

- Plazas Autorizadas:35
- Plazas contratadas Administración:35
- Plazas ocupadas:34
- Plazas Libres:1

CENTRO RESIDENCIAL

- Plazas Autorizadas:17
- Plazas contratadas Administración:17
- Plazas ocupadas:17
- Plazas Libres:0

CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

- 58 traballadores contratados

CENTRO EDUCATIVO


- 3 Aulas Educativas
- Educación completa:16
- Educación combinada:4

FORMACION FP DUAL


- 10 Plazas
- 10 usuarios

Fuente: Decembro 2022

USUARIOS POR CENTRO



Porcentaxe de usuarios por centro



RECURSOS HUMANOS

ASPABER contou no ano 2022 cunha plantilla de **44** traballadores contratados.



O compromiso dos profesionais da nosa asociación, traducese nunha atención personallizada centrada nas necesidades das persoas con discapacidade intelectual en distintas etapas das súas vidas.

Durante o ano 2022, contamos co Programa de COOPERACION: Trátase dunha subvención para entidades sen ánimo de lucro que contratan persoas traballadoras desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social.

Duración:9 meses

Nº Traballadores: 3

Formación: 2 coidadoras
1 Técnico en actividades deportivas





A Asociación ASPABER oferta servizos de calidade pois é un dereito ético das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.

Esta entidade posee o selo de calidade de **ISO 9001:2015**, certificación que ano tras ano, conseguimos manter e que acredita a nosa mellora continua, a eficacia e a eficiencia para seguir así avanzando na mellora dos servizos que prestamos.

No ano 2022, con data **05/04/2022** tivemos segunda Auditoría de Seguimento da ISO 9001:2015 coa empresa Bureau Veritas que se realizou online.

Tras saír a ley **19/2013 de diciembre Transparencia, acceso á información pública e buen goberno**, ASPABER traballa con transparencia, publicando anualmente as súas memorias e contas.

FORMA PARTE DE:

-Grupos de traballo de Fademga Plena Inclusión Galicia:

- U.D.S VIVENDAS
- U.D.S EMPLEO
- U.D.S DE PARÁLISIS CEREBRAL E AUTISMO
- GRUPO DE TRABAJO SOBRE TRASTORNOS MENTALES E/OU ALTERACIONES CONDUCTUAIS

-Membro Xunta Directiva AEDIS

- **FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA**
- **CONFEDERACIÓN PLENA INCLUSIÓN**
- **AEDIS: ASOCIACIÓN DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO**
- **FUNDACIÓN PAIDEIA**
- **PATRONAL IN- RED**

- **XUNTA DE GALICIA** - Consellería de Traballo e Benestar Social para a prestación de servizos en Centro Ocupacional, Centro de Día e Centro Residencial.
- **DEPUTACION PROVINCIAL**
- **LA CAIXA**
- **CONCELLO DE CARBALLO, A LARACHA, MALPICA, CORISTANCO, ZAS**
- **INSTITUTO MONTE NEME CARBALLO**

ADHESIÓN A PACTOS

- **ONU -AGENDA 2030**



Concello de Coristanco



Concello de Malpica de Bergantiños



Concello da Laracha



concello de CARBALLO



CENTROS
E
SERVIZOS

CENTRO OCUPACIONAL

O Centro Ocupacional é un servizo especializado de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual de estancia diurna destinado a mellorar o seu benestar, impulsando a vida independente, a autodeterminación e a participación social e laboral

As principais actividades que se desenvolven son:

- Deseño dun Plan de Desenvolvemento Individualizado (PDI) donde se traballan os obxetivos e actividades en períodos de dous anos.
- Obradoiros de manipulados para empresas (carpintería, escaiola, soldadura de plástico, xardinería, cartón..)
- Unidades de axuste como recurso para traballar alteración de conducta, deterioro cognitivo e reciclaxe das habilidades adaptativas.
- Atención e apoio individualizado as necesidades da persoa (fisioterapia, logopedia, psicología, terapia ocupacional)
- Formación para presentarse os exames de competencias
- Formación para o concurso oposición de Ordenanza
- Atención e apoio á familias



Indicadores relativos á intervención coas persoas:

Durante este ano decidimos centrarnos en actividades que nos proporcionen unha experiencia variada e melloren o **BENESTAR FÍSICO E EMOCIONAL**:

Actividades lúdicas, funcionais e terapéuticas que axudan no desenvolvemento das persoas. (baile, ximnasia de mantemento, parque bio saúdable, actividades terapéuticas e rehabilitadoras, rutinas diarias...)

Respostas individualizadas e axustadas ás necesidades plantexadas.

Adaptación de espazos. Organización dos espazos cos que contamos para poder crear momentos máis tranquilos e adaptados ás circunstancias. De este xeito, aínda que se eliminaron as unidades burbullas continuamos coa mesma distribución e contextos .

Búsqueda da satisfacción por parte da familia e da propia persoa sobre o servicio ofrecido.

Aprender a conocer ás persoas con TEA e xerar apoios que respondan mellor as súas necesidades, e sexan mellor comprendidos polo resto das persoas da entidade




CENTRO DE DÍA

O Centro de Día constitúe un servizo de Atención diurna de apoio, dirixido a aquelas persoas adultas con discapacidade intelectual que precisan de grandes necesidades de apoio para participar dunha vida normalizada, e onde se brindan oportunidades de vivir experiencias diferentes.

As principais actividades que se desenvolven son:

- Atención e apoio especializado
- Atención e apoio psicolóxico
- Atención e apoio fisioterapéutico
- Atención e apoio terapia ocupacional
- Atención e apoio a familias
- Atención e apoio á persoa.



Indicadores relativos á intervención coas persoas:

Seguimos a desenrolar os nosos obxetivos dos plans individuais (**PDI**) acordes coas nosas necesidades, gustos e eleccións para potenciar a nosa **autonomía e autodeterminación**.

Durante este ano decidimos **centrarnos nos sentidos e emocións**, realizando actividades que nos proporcionen unha experiencia variada e melloren o noso benestar físico e emocional:

- **ACTIVIDADES LÚDICAS, FUNCIONAIS e TERAPÉUTICAS** que nos axudan no noso desenvolvemento: baile, ximnasia de mantemento, parque bio saúdnable, actividades terapéuticas e rehabilitadoras, rutinas diarias...
- **FOMENTANDO A NOSA CREATIVIDADE** a través de actividades artísticas como pintar, reciclar, recortar, pegar e manipular diferentes tipos de materiais e obxectos.
- **ESTIMULANDO OS NOSOS SENTIDOS**, na aula multisensorial, cos masaxes relaxantes ou utilizando o hidromasaxe de pés, buscamos unha sensación de benestar a través dos sons, luces, cores, olores e experiencias táctiles



CENTRO RESIDENCIAL

E un centro de convivencia temporal o permantente en régimen de internado para persoas con discapacidade con necesidades de apoio límite e intermitente que por razóns sociais, familiares u ocupacionais, teñan dificultades par a permanencia no seu fogar.

Trátase dunha Residencia 225 días
Residencia de luns a venres
Dispón de praza de emerxencia de luns a xoves

ATENCION E APOIO A PERSOA

- **Autodeterminación:** Programa de Eu tamén tomo decisións
- **Desarrollo Persoal:** Programa de Habilidades básicas da vida diaria
- **Benestar Físico:** Programa de coidados da Saúde básicos.
- **Relacións Interpersoais:** Programa de Habilidades Sociais

SERVIZO DE RESPIRO INTERNO

Este servizo está disponible coa necesidade de dar servizo as familias en circunstancias de necesidade especial e puntual, cubre tanto noites como horarios alternativos o Centro Ocupacional.

Funciona de luns a venres.

Respiros:4




CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

O C.E.E. é unha empresa cuio obxectivo principal é a de realizar un traballo productivo, participando regularmente nas operacións de mercado, e cúa finalidade é asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os traballadores con discapacidade

Dentro do C.E.E xeramos condicións laborais para a incorporación das persoas con discapacidade intelectual a un posto de traballo, levando a cabo cantas accións sexan adecuadas para ofrecer produtos e servizos competentes e de calidade dentro do mercado aberto en un marco de Economía Social.


ACTIVIDADES AS QUE SE DEDICA O C.E.E:

- **LIMPEZA VIARIA**
 - Concello de Carballo ano 2016-2020 (ampliación de contrato)
 - Concello de Malpica ano 2017-2022
 - Concello de A Laracha ano 2013-2020 Limpeza Viaria e Punto Limpo
- **LIMPEZA EDIFICIOS PUBLICOS**
 - Concesión limpeza de colexios de Carballo(Fogar, Bergantiños, Nétoma-Razo, San Luis Romero,Unitarias e Cra,)2013-2019(En prórroga)
 - Limpeza dos Edificios Administrativos e de Formación e Oficios do Concello de Carballo.
- **CARPINTERIA:** Reparación mobiliario urbano ,palets,...
- **ESCAIOLA:** Molduras, placas,..
- **PRS:** Soldadura plástica franquicia PRS
- **MANIPULADOS:** Conservas Calvo, Grupo Voz, Galopín, Saika Pack



EQUIPO HUMANO

O Centro Especial de Empleo está composto por 58 traballadores



	ANO 2019	ANO 2020	ANO 2021	ANO 2022
Traball.con discapacidade contrato indefinido	38	37	36	33
Traball.con discapacidade contrato temporal	17	20	18	17
Traball.con discapacidade contrato formación	-	-	-	-
Persoal técnico de axuste persoal e social sen discapacidade	5	7	4	3
Persoal en postos de traballo específico sen discapacidade	2	8	10	5
TOTAL	62	72	68	58



CENTRO EDUCACION ESPECIAL

O CEEPR ASPABER nace no ano 2017. No ano 2022 conta con tres unidades, titorizadas por tres mestras, todas elas contan cun ATE. Este curso conta con 20 alumnos matriculados, dos cales 16 están en modalidade completa e 4 en combinada. O alumnado

esta agrupado nas tres aulas na procura dunha atención que garanta o seu desenvolvemento e benestar.

O noso centro chegan alumnos e alumnos con plurideficiencias, que deberán contar co ditame de escolarización emitido polos servizos de orientación, co informe de Inspección educativa e coa manifestación por escrito da vontade de nais, pais e titores legais.

Os recursos tics implementados foron:

- 3 tablets (axudas de un clip para o cole)

No ano 2022 disfrutamos das seguintes ACTIVIDADES adaptadas a nova realidade sanitaria:

25/03/2022

O Centro Educativo ASPABER presentou o seu proxecto educativo “O camiño á escola: un futuro de capacidades”, nunha webinar convidados pola Asociación Aloumiños, na que se falou do modelo educativo do colexio e do proxecto Erasmus + Acadas

26/05/2022

Grazas ó programa “**Música a flor de pel**” de Afundación, que acerca a música ós centros de educación especial, tivemos a visita do músico e profesor Carlos Quintá. Foi unha xornada única e increíble, na que disfrutamos da música, a canción e o baile.

22/06/2022

O Centro Educativo Aspaber finaliza o curso 2021/2022 celebrando: A Festa da auga





22/06/2022

O Centro Educativo Aspaber finaliza o curso 2021/2022 visitando: As Torres do Allo

11/11/2022

Os alumnos/as do Centro Educativo ASPABER lembran o Pretige

O 13 de novembro de 2002, o petroleiro Prestige sufriu unha vía de auga cando navegaba preto das costas de Finisterre cargado con 77.000 toneladas de fuel, provocando unha das maiores catástrofes ambientais en España e hoxe dende o centro educativo lembramos esta catástrofe e 20 anos despois tamén dicimos ... ¡NUNCA MÁIS !



25/11/2022

25N - A data que non queremos

O alumnado do CEEPR ASPABER elaborou un video conmemorativo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, titulado "A data que non queremos", desexando non ter que seguir pedindo todos os anos: "NON Á VIOLENCIA"



27/11/2022

Realizamos o túnel do medo para Samaín

22/12/2022

Celebrando o Nadal no Centro Educativo ASPABER

Dende o Centro educativo fixemos postais para os nenos e nenas que están hospitalizados no materno infantil da Coruña

11/10/2022

O Centro Educativo ASPABER participa un ano máis en " **Un Clic para el Cole**" de Amazon.es. Esta iniciativa consiste en que cada vez que fagas unha compra en Amazon doas automaticamente ao Centro Educativo que ti elixas o 1% do teu gasto en forma de crédito virtual sin coste para ti, que posteriormente o Centro poderá canxear por unha serie de produtos a escoller dun amplo catálogo.



FORMACION FP DUAL

Limpieza de superficies y mobiliario en oficinas y locales

Nº Alumnos: 10

Nº Profesionais formadores: 2

OBXETIVOS:

- ✓ Conseguir unha formación, encamiñada á mellora das competencias persoais, así como unha capacitación orientada ao desenvolvemento profesional, formación permanente e a aprendizaxe para a vida na comunidade.
- ✓ Conseguir unha inserción laboral, en función das posibilidades e características persoais de cada persoa, dende un servizo ocupacional ata a súa inserción laboral nun Centro Especial de Emprego, ou empresa ordinaria
- ✓ Formar ao alumnado nas diferentes técnicas de limpeza, así como a planificación dos diferentes procesos, en relación as tarefas laborais, en base aos criterios de responsabilidade e eficacia
- ✓ Desenvolver aquelas destrezas e habilidades, que posibilitan de acceder a un posto de traballo.

METODOLOXÍA

A metodoloxía neste programa formativo está baseada en diferentes contidos teórico-prácticos, destinados a favorecer a inserción laboral; seguindo sempre unha liña de aprendizaxe significativo “aprender a facer facendo”, onde os alumnos van a relacionar os conceptos novos con aqueles que xa poseen “xeneralización”.

No desenvolvemento do programa as docentes adaptarán os contidos as características individuais de cada alumno, prestando os apoios precisos.

Levaranse a cabo actividades que despertan o interese e a curiosidade do alumno brindándolle a oportunidade de consultar, opinar e debater sendo guiado durante todo o proceso teórico-práctico.



SAIDAS E ACTIVIDADES de FP DUAL durante o ano 2022

Data	ACTIVIDADES
6/05/22	Formación sobre a Violencia de Xénero impartida polo Centro de Información a Muller (CIM), Carballo.
23/05/22	Formación sobre as Redes Sociais “uso e abuso”, impartida pola Asociación Vieiro, Carballo.
31/05/22	Formación con motivo do Día Mundial Sen Tabaco e outras dependencias, impartida pola Asociación Vieiro, Carballo.
1/06/22	Participación na XI Feira de Emprego, organizada pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña, no Forum de Carballo.
8/06/22	Programa “ti tes a chave”, Xestión de Recursos e Compostaxe. Concello de Carballo.
10/6/22	Participación na xornada de Emprendemento Cooperativo no Ambito da Discapacidade, celebrada no edificio CERSIA Empresa en Santiago de Compostela
28/06/22	Participación no “Laboratorio de Emprendemento Solidario e Social”, impulsado pola Concellería de Promoción Económica do Concello de Carballo.
28/09/22	"I Feira do Emprego e Formación" organizada polo Polígono de Carballo
26/10/22	Xornada " Para un novo modelo de inserción laboral baseado na FP Dual Adaptada nos Centros especiais de emprego de iniciativa social ", organizada por In-Red Galicia en Santiago de Compostela.



ATENCIÓN PSICOLÓGICA

O servizo de Psicoloxía está orientada ao traballo en equipo entre as persoas con discapacidade intelectual, as súas familias e os profesionais, co obxectivo de mellorar, tanto a Calidade de Vida das persoas con discapacidade intelectual, como das súas familias.

As principais actividades que se desenvolven son:

- Exercicios para favorecer a autoregulación
- A través de un rexistro de adaptación, un análise dos factores que interveñen no proceso laboral e un informe de valoración das habilidades adaptativas diseñamos os obxetivos que vai a incluír o Programa de Desenvolvemento Individual da persoa e os apoios que precisa.
- Elaboramos informes:
 - Revisión Minusvalía
 - Revisión de Dependencia
 - Medidas de apoio para a Ley 8/2021
 - Seguimento de tratamento para os especialistas (psiquiatra, neurólogo)
- Descricións integrais e globales das características de personalidade, emocionais e cognitivas para establecer tratamentos psicolóxicos individualizados.
- Programas de modificación de conducta
- Acompañamento das persoas no seu paso polo servizo de psiquiatría.
- Control, seguimento e supervisión das pautas farmacolóxicas.



Indicadores relativos á intervención coas persoas:

Durante este ano decidimos centrarnos en actividades que melloren o benestar emocional da persoa:

Adaptar os entornos para modular a resposta emocional e favorecer as habilidades de autorregulación.

Implementación de entornos amigables para unha mellor xestión das emocións en episodios de desaxuste emocional e condutual.

Ofrecer apoio formativo e organizativo os profesionais de atención directa do Centro




ATENCIÓN PSIQUIÁTRICA

A través dun convenio co servizo de Saúde Mental, a asociación dispón dun servizo de psiquiatría unha vez ao mes no cento de Saúde de Carballo(o último venres de cada mes), así como a posibilidade de ser atendidos ante calquera urxencia por teléfono.

O servizo de Psiquiatría traballa dende a prevención para así evitar ingresos en unidades específicas ou visitas repetidas os servizos de urxencias das distintas dependencias dos complexos hospitalarios por non atopar resposta nin medicación apropiada nos médicos de familia.



	Fe	Ma	Ab	Ma	Set	Out	Nov	Total
CO	3	6	7	9	8	11	10	54
CD	5	3	2	2	-	1	2	15
TOTAL	8	9	9	11	8	12	12	69



TRABALLO SOCIAL

O servizo de traballo social encargase de acoller ás familias que acceden por primeira vez á entidade, proporcionándolles información e orientación sobre diferentes servizos ou realizando a derivación hacia outros recursos específicos. Xa na Asociación vela polo benestar integral da persoa a través de seguimento do seu estado no día a día e o contacto periódico coas familias.

Este departamento tamén presta asesoramento sobre diferentes recursos públicos e tramitación de **prestacións Sociais** (tarxeta discapacidade, respiros..) **económicas** (Pensions non contributiva, por fillo a cargo, orfandade, **sanitarias** (Tarxeta AA, atención odontolóxica..) **e xurídicas** (rendición de contas, contacto co servizo de asesoramento xurídico,...)



O Servizo de Traballo Social e atención a familias pretende:

- Garantizar unha información actualizada dos recursos e prestacións sociais existentes
- Responder ás expectativas, desexo e intereses das familias, como provedor de apoio
- Permanecer en constante búsqueda, coordinación e mantemento de recursos en relación ao colectivo de persoas con discapacidade
- Traballar en coordinación coas redes sociais formais e informais
- Realizar derivacións profesionais especializadas Acompañar tanto a usuarios como a familias do Centro con máis necesidades de apoio

Programas	Número
Información, orientación e asesoramento familiar e atención telefónica	950
Xestión de recursos sociais	50
ACOMPAÑAMENTOS (Inyectables, urxencias, citas médicas, enfermería, analíticas, Odontoloxía, dentista, Inem, Banco, Seguridad Social, Juzgado, Evo,	95
ADULTOS SOS	



Grupo Familias

O Grupo de Familias, organizou a tradicional Festa de familias que se celebrou no mes de Setembro cunha participación de 257 persoas.



PARTICIPARON
61 FAMILIAS

LOGOPEDIA

O servizo de logopedia desenvolve unha actividade dirixida o diagnóstico, prevención, avaliación e rehabilitación dos trastornos da comunicación e as súas funcións asociadas. A principal finalidade é que todas as persoas do Centro poidan comunicarse e poidan recibir a mesma información por igual.


A unidade de logopedia da servizo de forma continuada e directa a un total de **30 usuarios/as** do centro en distintos contextos e a todas aquelas persoas que o precisen en unha determinada situación.

Este servizo actualmente ten como obxetivos específicos:

- Uso de Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación.
- Previr, rehabilitar e disminuir os riscos en problemas de deglución.
- Diseñar un programa de texturización de alimentos personalizado.
- Mantemento de audífonos e acompañamento as revisións periódicas oportunas.
- Evaluación continua estandarizada.
- Intervención sobre as cualidades da voz (timbre, tono e volume)
- Previr e rehabilitar os problemas da linguaxe.
- Rehabilitar trastornos fonolóxicos.
- Realizar saídas a entornos naturais coa finalidade de xeneralizar os obxectivos.

CONTINUAMOS CO PROTOCOLO COVID NO SERVICIO DE LOGOPEDIA

USUARIOS LOGOPEDIA



NOVIDADE

-Restablecemos grupo de traballo de 2 usuarios da mesma unidade burbulla

-Reanudamos actividade de karaoke



FISIOTERAPIA

Este servizo ofrece aos usuarios do centro un servizo especializado que aborde de forma individualizada os distintos problemas de saúde dende o punto de vista da rehabilitación física e sempre dende un enfoque biopsicosocial.


O servizo de Fisioterapia acuden un total de **40 usuarios**, dos cales **5** pertencen ó **Centro de Día** e **27** ó **Centro Ocupacional** e **8** o **Centro Educativo**. Realízase unha abordaxe individual de cada caso, este ano debido o protocolo COVID que rixe as normas do Centro non se realizaron actividades de grupo.

Outras actividades que se levan a cabo dende este servizo son:

- Control de peso mensual a tódolos usuarios do Centro
- Seguemento e tratamento de afeccións respiratorias e cardiovasculares
- Seguemento da aparición de úlceras e toma das medidas pertinentes
- Seguemento e tratamento de lesións osteoarticulares e musculares nos que estea indicada a fisioterapia
- Realización de cambios posturais en usuarios con cadeira de rodas
- Asesoramento, seguemento e acompañamento a Oza dos usuarios que precisen servizo médico/ortopédico (usuarios de cadeiras de rodas e calzado ortopédico)
- Apoio a determinados usuarios con limitación na mobilidade articular
- Estimulación do tránsito intestinal a usuarios que teñen problemas de deposición
- Aplicación de vendaxe neuromuscular para relajar/potenciar o músculo a tratar ou estabilizar a zona a tratar
- Evaluación mediante unha escala estandarizada para previr risco de caídas
- Tratamento de patoloxías de tipo agudo: lumbalxias, cervicalxias, esguinces.



USUARIOS DE FISIOTERAPIA



- CO
- CD
- CEEPR



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

COMEDOR

A través do servizo de comedor a entidade facilita un menú sano e equilibrado que garantiza unha boa alimentación dos usuarios do Centro.

Dende o servizo de cociña, e baixo a supervisión dunha nutricionista elabóranse os menús que constan dun primer plato, segundo plato e postre.

Tamén se elaboran menús especiais para aqueles usuarios que por prescripción médica necesitan calquer tipo de dieta o réxime alimenticio.


O comedor consta de tres turnos, nos cales os profesionais do centro prestan apoio que permita traballar hábitos habilidades relacionados coa alimentación dos usuarios.



CONTINUAMOS TODO O 2022 CO PROCEDEMENTO COMEDOR COVID:

TRANSPORTE

A través do servizo de transporte a entidade atende aos usuarios que proveñen de 14 concellos disitintos, por este motivo o Centro conta cunha ampla red de transporte, necesitando tanto de medios propios como contratados para levar a cabo os desprazamentos de ida e volta, dende o domicilio ata o centro dende os puntos de ruta establecidos e tendo en conta a máxima cercanía das vías



CLUB DE OCIO MANUEL POSE VEIGA

O Club de Ocio e Tempo Libre "Manuel Pose Veiga" favorece a participación e a integración das persoas con discapacidade intelectual en actividades culturais e de lecer, normalizados e integrados.

O seu obxectivo é proporcionar aos usuarios os recursos necesarios para que poidan exercer o seu dereito a un lecer individual e compartido en igualdade de condicións que o resto da comunidade.

Durante o 2022 non houbo actividades debido as restriccións.

Debido a situación de Pandemia, non se poideron realizar os campamentos de verán nin actividades de fin de semana.



ACTIVIDADES DE MANTEMENTO E OCIO NAS UNIDADES BURBULLA

Durante o 2022 sustituímos as actividades lúdico-deportivas que se realizaban de forma grupal e na comunidade por actividades dentro dos grupos burbulla e que permitesen fomentar tanto as relación intergrupais así como evitar o sedentarismo. Estas actividades permitiron a participación de case o 100% dos usuarios.

ACTIVIDADES



FESTIVIDADES! RECUPERANDO O TEMPO PERDIDO

Durante o 2022, volvemos a celebrar o Entroido, Samaín,...



Parque bio
saúdable

Mobiliario oficina

Material
informático

MELLORAS EN TECNOLOXÍA - INFORMÁTICA 2022

- Ampliouse a velocidade de conexión de internet de 600 MB a 1GB.
- Mellorouse a conexión de rede entre o edificio de oficinas e o edificio do centro residencial instalando un mellor cable de fibra óptica externo por deterioro do anterior.
- Adquiríronse 5 ordenadores equipados con Windows 10 Professional para os profesionais con webcam incorporada na pantalla para videoconferencias, así como 2 ordenadores portátiles para videoconferencias na nova planta das oficinas e 1 ordenador portátil para os profesionais do centro ocupacional.
- Incorporouse 1 TV con Smartv de 50" para os usuarios do centro ocupacional.
- Instaláronse 2 pantallas interactivas nas salas de xuntas da nova planta de oficinas, para videoconferencias e formación.
- Comprouse 1 novo servidor central para cambiar polo servidor actual.
- Cambiáronse os 4 switch no administrables centrais da rede interna por 4 switch gestionables que permiten un maior número de configuracións e controis sobre a rede orientándose hacia a tecnoloxía IP.
- Pasáronse os teléfonos analóxicos das oficinas a teléfonos VoIP que permiten mais número de opcións de configuración orientadas á tecnoloxía do futuro.

“ GRACIAS O NOVO PARQUE PODEMOS FACER EXERCICIO PARA MANTERNOS ACTIVOS”



ACCIONS FORMATIVAS DO PERSOAL

ACCIONS
FORMATIVAS

ACCIONS FORMATIVAS					
Data	DENOMINACION DO CURSO	FORMADOR	Nº Partic.	Horas	Observación
03/02/2022	III XORNADAS DE FORMACIÓN PARA RESIDENCIAS SOCIO SANITARIAS Valoración Geriátrica Integral "Valoración e manexo da Disfagia" "Estratexias de actuación ante a negatividade aos coidados" "Aspectos claves na atención ás familias" "Cuidados básicos do Paciente Diabético"	SERGAUNIDADE DE COORDINACIÓN E APOIO ASISTENCIAL A RESIDENCIAS DE MAIORES E DE DISCAPACIDADE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE	4	1H Sesión	FORMACION Online
03/03/2022					
07/04/2022					
05/05/2022					
02/06/2022					
23/02/2022	AUDITOR INTERNO	ALGALIA	6	2h cada sesión	Formación Online
08/03/2022					
15/03/2022					
08/03/2022	Grupo de Traballo saúde Mental e alteración de conducta en PCDI (Reunións presenciais e online)	FADEMG-PLANA INCLUSIÓN GALICIA	1	2h30	Formación Online
18/05/2022	Curso de prevención de riscos laborales	Quirón Prevención	5	2h	Presencial
11/03/2022	Curso de operador de carretillas	BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS.	3	8h	Presencial
26/03/2022		AUTOESCUELA CARCOPA			
01/04/2022	Taller de habilidades de acompañamiento para o traballo con familias	FADEMG PLANA INCLUSIÓN GALICIA	1	2h	Formación Online
10/06/2022	Emprendemento Cooperativo no ámbito da discapacidade	IN-RED GALICIA	2	3h	
		EUSUMO			
29/06 06/09	Acompañamento ao equipo de coordinación para a mellora do seu desempeño	ALGALIA	5	4h/sesión	Presencial
29/08/2022	Técnicas basadas nos principios de condicionamento operante	Servicio de Psicoloxía do Centro	24	3h	Presencial
29/08/2022	Novas tecnoloxías e diversidade funcional	Asociación Vieiro	26	2,30h	Presencial
30/08/2022	Movilización de persoas	Servicio de Fisioterapia/	26	2h	Presencial
		Clínica Diego Pérez			
30/08/2022	Formación sobre a nova Lei de Protección de	Confíalis	28	2h	Presencial




Datos					
22/9/22 20/10/22 10/11/22 01/12/22	IV XORNADAS DE FORMACIÓN PARA RESIDENCIAS SOCIO SANITARIAS	"Manexo de brotes en residencias: sarna e gastroenterite" "Coidados da pel no ancián" "Hixiene postural e ergonomía" "Saúde ósea, ¿Qué facer para mantela?"	4	1h sesión	Online
sept	I Feira do Emprego e a Formación	Organiza Polígono de Carballo	2	6h	Presencial
30/9 10/10	Inteligencia emocional aplicada a las RRLL en las entidades de la discapacidad	EGA consultores	1	10h	Presencial
14/10/2022 18/10/2022 20/10/2022 27/10/2022	Plataforma de traballo FP DUAL	Coordina IN-RED Participan varias entidades	2	2h en cada sesión	Reunións presenciais e online para compartir experiencias da FP Dual adaptada
28/11/2023	Inteligencia emocional aplicada a las RRLL en las entidades de la discapacidad	EGA consultores	1	8h	Presencial

ACCIONS FORMATIVAS USUARIOS

28/11/2022

Retomamos a formación para presentarnos ós exames do **curso-oposición de Ordenanza 2023**.

"Comezamos con moita ilusión e ganas de aprender"



MEDIOS DE COMUNICACIÓN

PRESENCIA EN PRENSA


Os contactos cos medios de comunicación foron por diferentes motivos e en distintos medios
En prensa escrita e dixital:

- Publicacións na Voz de Galicia: **10**
- Publicación no Diario de Bergantiños: **5**

PAXINA WEB E REDE SOCIAL


ESTADÍSTICAS DA PÁXINA WEB

No gráfico que vemos a continuación móstrase a evolución do tráfico de visitas na web de ASPABER dende xaneiro 2022 a Decembro 2022. Os mellores resultados tiveron lugar durante o mes de **maio (1.335 usuarios)**. O resto de meses, a evolución do tráfico mantén unha tendencia constante.



Evolución 2022 tráfico visitas global en www.aspaber.com

Nesta diapositiva móstranse só as visitas á web de ASPABER dende redes sociais (concretamente dende Facebook). Se a comparamos coa gráfica do tráfico global vemos que hai 3 picos de tráfico: en setembro, outubro e decembro.



Evolución 2022 tráfico visitas desde Facebook a www.aspaber.com,



ESTADÍSTICAS DA REDE SOCIAL FACEBOOK

Nas seguintes gráficas podemos apreciar a evolución da comunidade de seguidores de ASPABER. Tal e como se ve o número de “followers” creceu considerablemente ao longo do ano, pasando de ter 3208 seguidores o 1 de xaneiro de 2022 a 3586 a finais de decembro de 2022, o que supón un aumento de máis de 300 usuarios. Analizando os datos de 2021, podemos concluir que esta é unha aproximación da media anual de aumento de seguidores todos os anos: máis de 200 novos seguidores.



O mesmo ocorre co número total de ‘Me gusta’ da páxina, que registrou un aumento de 245. Concretamente pasouse de 3152 a 1 de xaneiro de 2022 a 3397 a finais de decembro de 2022.

Crecemento de ‘Me gusta’ xaneiro-dicembro 2022



ACTIVIDADES RESEÑADAS 2022

VISITAS

POLITICAS E INSTITUCIONAIS

16/02/2022 O Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade visita ASPABER

Visitounos **Fernando González Abeijón, Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade**. Na visita acompañounos o Alcalde de Carballo Evencio Ferrero, a Concelleira de Servizos Sociais Maica Ures, o Deputado Autonómico Rubén Lorenzo e a Concelleira do Partido Popular Beatriz Neira.

Os representantes de ASPABER fixeron un percorrido polos diferentes Centros e Servizos así como a visita á nova zona recentemente creada e que vai a estar adicada a Aulas Medioambientais destinadas a persoas con diversidade intelectual, nas que a Xunta de Galicia participa coa financiación do equipamento.

No encontro co Director Xeral Fernando Abeijón tamén se aproveitou para facerlle chegar as necesidades que ten ASPABER en canto á demanda de prazas residenciais



28/03/2022

Recibimos a **visita da imaxe peregrina de Santiago Apostol** para celebrar un acto, organizado pola Parroquia San Xoán Bautista de Carballo, en conmemoración do Ano Santo Xacobeo 2022.

21/11/2022

Visita do **consorcio de cooperativas sociais Mestieri Toscana** (Italia) no contexto dun proxecto Erasmus+ K1 para coñecer os nosos modelos de ocupación e emprego.



08/12/2022

Xornada de **convivencia entre usuari@s** do **Centro de Día de Carballo**, pertencente o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, e usuari@s de ASPABER



Visita investigadoras CI.FERROL



RELACIONES EXTERNAS

O largo do ano 2022 realizáronse diversas xestións e mantúveronse reunións con numerosas administracións públicas, entidades sin ánimo de lucro, centros educativos, empresas, co fin de desenvolver a nosa labor social:

14/03/2022

Asistimos á Homenaxe do Pobo de Carballo ás vítimas da COVID-19



30/05/2022

Estivemos na celebración do **25 aniversario da Asociación AMIPA.**



01/06/2022

ASPABER asistiu á **presentación da 37ª edición Festa da Carballeira de Zas**, que este ano **colabora de forma solidaria** coa nosa entidade cunha **parte da recadación da venda de bonos en liña**. Agradecemos aos organizadores do evento Asociación Cultural Castro-Meda así como ó Concello de Zas a súa solidariedade e sobre todo por dar visibilidade á nosa labor social que para nós é o máis importante



07/06/2022

ASPABER asistiu, xunto a outras entidades de Economía Social de Galicia, ao acto de **presentación do Manifesto da Economía Social en Santiago de Compostela**. #InRed Galicia



NOVIDADES

Abril 2022

Participamos por primeira vez no Proxecto ERASMUS +TeatriArte

Durante a primeira semana do mes de abril, un usuario do Centro Ocupacional acompañado dunha monitora participaron nun intercambio xuvenil de teatro.

Foi un intercambio con Pegaso Associazione (Bisceglie-Italia).

Consistiu nun Erasmus+ TeatriArte vinculado ao teatro con persoas con diversidade.

Fomos invitados pola Asociación San Xerome que se encargou da organización.

Con nos participaron tamén outras asociación: Apamp, Amicos, Accesca e Juan M^a.

Este intercambio tuvo dúas partes, na primeira o grupo español viaxou a Italia e na segunda visitounos o grupo italiano.

Foi unha experiencia moi enriquecedora para todos nos.

Dounos a gran oportunidade de facer teatro, viaxar en avión, conocer a xente nova e visitar o sur de Italia.



A finais de abril o grupo formado por 7 participantes italianos e 25 participantes das demais asociacións visitou as nosas instalacións e realizamos diferentes actividades artísticas en escaiola. Tamén aproveitamos para facer poñer en valor a arte urbano facendo un mini roteiro polos diferentes murais do pobo de Carballo, acompañados por unha guía do Museo Bergantiños, poñendo así en valor a aposta do Concello de Carballo

“Lo que más me gustó de viajar a Italia fue conocer a gente nueva, poder viajar por primera vez en avión y disfrutar de las ricas pizzas y tiramisú”

Marco Caruso



15/09/2022

ASPABER inicia un novo proxecto de colaboración coa USC

Profesionais de ASPABER estiveron na Universidade de Santiago de Compostela (USC) para iniciar un novo proxecto de colaboración coa USC a través da creación de 2 APS (prácticas educativas nas que o alumnado aprende mentres actúa sobre necesidades reais dun entorno), para a creación de recursos didácticos adaptados, interactivos e motivadores para as persoas con discapacidade intelectual no ámbito das novas tecnoloxías, da formación afectivo-emocional e do traballo en habilidades adaptativas da vida diaria.

Unha das APS levarase a cabo dentro do grao de Pedagogía e outra como parte do Grao de Maxisterio, onde tiveron a oportunidade de compartir experiencias e necesidades con parte do alumnado e profesorado da USC.

23/12/2022

Materiais didácticos para o alumnado e profesorado de ASPABER

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) e ASPABER unen forzas para a creación de **materiais didácticos dirixidos a persoas con diversidade funcional asociadas a dificultades cognitivas**.

A comezos do curso escolar 2022-2023 a USC e ASPABER coinciden na necesidade da posta en marcha dun proxecto de Aprendizaxe-Servizo (ApS) dada a escaseza de recursos educativos para traballar con alumnado con diversidade e a ausencia de cursos formativos para os profesionais que traballan neste sector.

Neste proxecto participou máis dun cento de alumnado universitario das seguintes tres materias:

- “Diseño e Elaboración de Materiais Didácticos” (4º curso do Grao en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria)
- “Diseño e Avaliación de Materiais Didácticos” (4º curso do Grao en Pedagogía)
- “Formación en Rede” (4º curso do Grao en Pedagogía)

Conducidos polo seguinte profesorado: Silvia López Gómez, Tania Caamaño Liñares, Ana Rodríguez Guimeráns, Jesús Rodríguez Rodríguez,

Na materia de “Diseño e Elaboración de Materiais Didácticos” creáronse unha serie de recursos dirixidos especificamente ao Centro Educativo de ASPABER. Entre os materiais deseñados destaca dende unha tenda, un trivial, un xogo de preguntas cunha ruleta, vídeos titoriais, pósters informativos, taboleiros en formato dixital.



O alumnado da materia “Deseño e Avaliación de Materiais Didácticos” foi o artífice da elaboración de recursos pensados para o Centro Ocupacional de ASPABER. Algúns destes simulación de espazos de uso



recursos son: xogos de mesa como o denominado Aspapoly, unha ruleta das emocións, cotiá, historias interactivas, blogs ou mesmo unha canle de receitas chamada Aspachef. O alumnado de 4º curso de Pedagogía da materia de “Formación en Rede” foi o artífice da configuración dun Campus Virtual creado mediante a plataforma Canvas LMS, dirixido aos profesionais da asociación ASPABER. Este mesmo alumnado, alimentou dita plataforma con dous cursos sobre Competencia Dixital: “Área de Información e alfabetización informacional” e “Área de seguridade”. Ademais, é interesante destacar que estes cursos conteñen actividades interactivas para poder avaliar os coñecementos aprendidos. A plataforma permanecerá aberta para crear e engadir os recursos que se consideren necesarios.

DOACIONES

22/07/2022

A Deputación Provincial da Coruña fai entrega dun microbús a ASPABER

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, procedeu á **entrega dun novo vehículo de transporte adaptado de 17 prazas** á entidade social ASPABER, dentro do acordo marco da Deputación provincial para sumministración de vehículos a entidades sen ánimo de lucro.

Dito vehículo será destinado ó servizo de transporte de usuarios/as que ASPABER presta en 15 concellos da comarca de Bergantiños.

A este acto tamén asistiron o vicepresidente, Xosé Regueira, e a deputada de Benestar Social, Ana Lamas, así como o alcalde de Carballo Evencio Ferrero, a Concelleira de Servizos Sociais Maica Ures e a Concelleira M^a Carmen Vila.



PROXECTO EUROPEO ACADAS

21/09/2022

O acceso e uso das novas tecnoloxías son os retos de futuro dos profesionais de ASPABER e St. Ita's de Drogheda

Logo da reunión celebrada entre profesionais do Centro de Educación Especial St. Ita's - Drogheda (Irlanda) e profesionais de ASPABER nas instalacións da propia entidade carballesa, na que ambas organizacións compartiron os retos actuais cos que se atopan as persoas con necesidades educativas especiais no acceso e uso das novas tecnoloxías, poidéronse establecer liñas comúns de actuación e colaboración entre ambas entidades onde ASPABER xa ten unha experiencia e percorrido feito a través doutras colaboracións.

Unha das propostas que xurdiron neste encontro, foi a invitación de ASPABER a desenvolver un traballo semellante entre o Centro de Educación Especial St. Ita's e as Universidades Irlandesas co que poder crear un banco común de recursos didácticos adaptados ós novos retos tecnolóxicos e formativos actuais.



10/02/2022

O proxecto ACADAS entra na súa fase final en Zagreb acollido pola entidade PROMENTE.

Tras dous anos compartindo experiencias e realidades de distintos países como Italia, Grecia, Irlanda, Turquía e Croacia sobre abandono escolar, exclusión, avaliación e obtención de méritos das persoas con necesidades de apoio. Os países socios do proxecto ACADAS, liderado pola asociación ASPABER, reúnen-se en Croacia para elaborar as conclusións e marcar a folla de ruta do proxecto para presentar nos distintos países participantes chamando a atención de Europa sobre a necesidade de fortalecer unha alianza transnacional para o recoñecemento do mérito educativo.

As conclusións do proxecto serán presentadas por ASPABER nunha xornada aberta, na que se pretende difundir, divulgar e definir os escenarios futuros e levar a cabo reformas que permitan aos estudantes encontrar un recoñecemento nos seus estudos e un traballo ao final dos mesmos.

22/04/2022

O proxecto europeo ACADAS presenta as súas conclusións

Celebrouse en Carballo a presentación das conclusións do proxecto Erasmus+ ACADAS, que estivo liderado por Aspaber durante os 2 últimos anos e en coordinación con outras entidades europeas do sector da discapacidade de: Italia, Grecia, Turquía, Croacia e Irlanda.

A este acto acudiu o Alcalde de Carballo, Evencio Ferrero e o Xefe Territorial de Educación, Indalecio Cabana, que xunto á Directora do centro educativo Aspaber, Dolores Fernández, encargáronse de dar comezo á presentación e contextualización do proxecto.

Tamén estivo presente o inspector de zona, Manuel Trigás e os alcaldes de Laxe, Ponteceso e Santa Comba, así como orientadores, directores e entidades do sector, que se interesaron e mostraron o seu apoio a ACADAS.



VISITAS A COMUNIDADE

10/10/2022

No día Mundial da Saúde Mental os alumnos/as de **FP Dual de ASPABER** visitaron **APEM** - Asociación Pro Enfermos Mentales que celebra este día cunha xornada de portas abertas #ApemCarballo



25/11/2022

#25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, camiñamos na " **X Andaina contra a violencia de xénero** " organizada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia por un camiño ao respecto.



03/12/2022

En conmemoración do **Día Internacional das Persoas con Discapacidade**, asistimos na Coruña ao acto **#BaixoOMesmoParaugas** xunto a outras entidades sociais da provincia.

07/12/2022

Unión polo Día Internacional das Persoas con

Discapacidade entre a **asociación arxentina Musonyes e ASPABER** **#BaixoOMesmoParaugas**
#diversidad#discapacidad



13/06/2022

Participamos nunha nova edición do "**concurso de murais de azulexos obra social e cultural de Suministros Lar**" coa obra do Naufraxio do Buque Mina Sorriego.





16/06/2022

Co bo tempo, en ASPABER aproveitamos para facer diversas saídas á comunidade onde poidemos interaccionar con algúns dos entornos naturais máis descoñecidos da comarca, traballar algunhas das habilidades sociais perdidas durante a pandemia e desfrutar dun picnic na natureza:cun primer grupo fomos á **praia de Baldaio**.

16/06/2022

Un segundo grupo fixo outra saída á praia e **pinar de Balarés** e acercouse a Laxe



16/06/2022

O terceiro grupo visitou as **Torres do Allo**, a Área Recreativa de Pedra Vixía e os Batáns de Mosquetín (Vimianzo)

16/06/2022

E un cuarto grupo percorreu a **Ruta da Auga de Zas**.

20/06/2022

Continuamos coas saídas á comunidade, e nesta ocasión un 5º grupo foi de **picnic a Balarés**.





27/06/2022

Saída á comunidade en grupo para visitar o **Museo Etnolúdico De Galicia Melga Ponteceso**.

08/07/2022

Fomos ata a praia de **Razo** a dar un paseo e aproveitamos para visitar o **servizo de salvamento**.

26/07/2022

Diversos grupos de usuarios/as visitaron a exposición de **pintura de Adrián Verdes**, traballador da Limpeza Viaria de Malpica e membro de Protección Civil, que estivo exposta na Casa do Pescador (Malpica). O último grupo tivo a oportunidade de coñecer o alcalde de Malpica Eduardo Parga e o concelleiro Alfredo Cañizo aos que lle damos as gracias pola súa acollida

20/09/2022

Un reducido grupo de usuarios saíron a divertirse e a bailar á **sesión Vermút das festas de Bértoa**

12/10/2022

Recollendo castañas na contorna do **Pazo de Romelle (Zas)** para celebrar o magosto.

